



## Carta desde a banda da esperanza

---

Manuel Regal Ledo

### 1.- Abrindo cancelas

Iniciamos esta Crónica baixo a influencia maior da COVID-19, que anuncia un inverno problemático nos diferentes niveis aos que afecta, que practicamente son todos os dunha existencia máis ou menos normal: a saúde física e a psíquica, o desfonde laboral, a economía no presente e no futuro inmediato, os estados de ánimo, a tensión emocional cara a dentro e cara a fóra, o esgotamento, a desesperanza, a sensación cada vez máis fonda de que isto vai marcar duramente as nosas vidas e as vidas de quen veña detrás de nós; e como inri, que non acabamos de entender, a disidencia política, a enorme dificultade amosada pola clase política para arrombar as diferenzas ideolóxicas e atender conxuntamente o que temos diante, que é simplemente a

vida, a subsistencia digna do conxunto da poboación: que todo o mundo teña pan, que teña vivenda, que teña servizos de saúde, que teña un traballíño ou un subsidio público que o substitúa, que teña esperanza.

E preguntámonos que papel podemos xogar como seguidores/as de Xesús, como Igrexa no medio de todo isto. Temos a sensación de que en xeral moita xente non establece relación especial entre a súa condición de crente e o que estamos a vivir. Grazas a Deus son escasas as voces que interpretan todo isto coma un castigo de Deus, cousa socorrida noutros momentos históricos. Si coñecemos persoas máis ou menos oficiais que convocan á oración para que Deus, ou tal virxe, ou santo ou santa, nos libre desta pandemia; entendemos que non

pretenden descargar en Deus e quitarlle ao ser humano, todos e todas nós, a responsabilidade de buscar solucións axeitadas, senón, máis ben, cargarnos de vigor, de bo espírito, para así o poder facer.

Ben mirado, as etapas de crise sitúannos sempre ante o que é ou pode ser fundamental nas nosas vidas. Relativizamos moitas cousas. Procuramos salvar o esencial. Preguntámonos polo si e polo non de canto acontece, polo sentido do que vivimos. Apelamos ou á maior autoprotección individualista, ou ás formas máis nobres de solidariedade. E por aquí, polas vías da solidariedade, persoal, social, organizativa, política, podémonos atopar, ou atopámonos, se tal don ou busca temos, coa fonte e motor de toda solidariedade, á que os crentes lle damos o nome humilde de Deus. Estamos, logo, na hora de Deus. A hora de sentilo ao noso lado empeñado en alentarnos ao desprendemento amoroso, entrañable, solidario. A hora de falar de Deus desde a solidariedade efectiva. A hora de relativizar tamén os crentes as nosas posibles liortas ideolóxicas e mesmo doutrinais, e

atoparnos sen división ao lado, formando parte, de quen sofre ou alivia a pandemia.

Nesta Crónica no posible daremos voz a vidas e a palabras que nos alentan neste sentido.

## 2.- E, para empezar, Mafalda

Todo o mundo sabe algo de Mafalda, todo o mundo ten contemplado, rido e matinado algunhas das tiras do excelente creador que foi Xoaquín Salvador Lavado, Quino, nado en Mendoza, Arxentina, no ano 1932, de pais andaluces, e que vén de morrer en Bos Aires o 30 do pasado setembro. Atraído desde moi neno polo mundo das artes, significouse mundialmente coa creación das viñetas de Mafalda, que levaron humor inocente, pero moi crítico e alternativo a un mundo en tantos aspectos problemático, negado para construírse con sentimentos verdadeiramente humanitarios. Para iso Quino inventou Mafalda, un personaxe de 6 anos, que cos seus colegas *Susanita*, *Manolito*, *Felipe*, *Miguelito* e *Libertad* fíxose capaz de caricaturizar a complexidade do mundo do momento, deixando en interdito

os seus absurdos e sinalando claramente a posible superación dos mesmos pola vía duns soños que unha e outra vez, desde a afirmación ou a señardade, enchían as bandas deseñadas. E así durante 9 anos, desde 1964 que se estreou ata 1973 no que publicou a derradeira. Pero este límite temporal na creación non impediu que durante anos e anos ata o presente, Mafalda seguise sendo obxecto de lectura e admiración. Por desgraza a súa mensaxe segue a ser igualmente necesaria, xa que, aínda que cambiaron as circunstancias históricas e os personaxes e sociedades que as habitan, seguimos a ser o mesmo mundo carente, afectado polas mesmas contradicións e necesitado de semellantes remedios. A pandemia que vivimos fáinolo evidente.

Quino, entre outros moitos recoñecementos, recibiu o Premio Príncipe de Asturias de Comunicación e Humanidade no ano 2014, cando el cumpría 82 anos e Mafalda 50. E ben merecería tamén o premio á colaboración civil na construción do reino ou república de Deus. Non sabemos se Quino era crente ou non. Estamos

seguros de que a súa obra alentou moitos soños que cadraban perfectamente cos de Xesús de Nazaret. Mafalda ben podería ser de obrigada ou furtada lectura entre as persoas crentes, aínda que só fose por axudarnos a envolver en humor as nosas apostas, nas nosas frustracións, nas nosas esperanzas e nas nosas palabras cando son tentadas pola amargura, polo acedume. Vállanos tamén a súa figura e a súa obra para lle dar mérito e recoñecemento a tanta persoa, quizais non crente, que con mil artes e maneiras diferentes, desde a normalidade dunhas vidas tocadas a fondo pola humanidade tiran da historia para adiante na busca de algo mellor para todo o mundo sen excepción.

Así razoaba Mafalda nunha das súas intervencións públicas: «Xa que o de amádevos os uns aos outros non resulta, por que non probamos a amarnos os outros aos uns?».

### 3.- Ao abeiro de Patxi Loidi

Quizais Francisco Loidi Isasti (Patxi Loidi) fose menos coñecido para o gran público, mesmo público eclesial, do que

a nosa querida Mafalda. Pero os soños de fonda e leda humanidade que Mafalda compartía desde a figura e a palabra inocente dunha picariña foron os que, no nome de Cristo Xesús, Patxi Loidi coidou e compartiu ata que o 15 de outubro morreu de coronavirus aló no Salvador. Merece ao menos un breve *in memóriam* este home que en moitas cousas abriu camiños e para moitos e moitas foi e pode seguir sendo un referente de vida cristiá nos tempos que vivimos.

O seu mesmo nome sitúanolo doadamente no País Vasco, onde naceu (Orio, Guipuzkoa, 1929). A súa primeira resposta vocacional levouno a se facer irmán Marista, e nos labores de educador da mocidade investiu bastantes anos da súa traxectoria vital. Máis adiante, empuxado polos aires novos do concilio Vaticano II, dedicouse a promover por toda España o «Movemento por un Mundo Mellor», sensibilizando a quen así o quixese para abrirse con liberdade e fondura ás novas propostas de fe e de vida cristiá que o tal Concilio postulaba. Patxi amosou a súa creatividade, contribuíndo á creación

de materiais axeitados, amosou tamén a forza de convicción do seu falar directo e interpelante, e, por riba de todo, unha espiritualidade anovada e limpa, evanxélica, sostida por unha pregaría que se iría facendo para el nun sinal indeleble de identidade.

Despois trasládase de Pamplona a Bilbao, para traballar con xente nova formando grupos nos que coidar unha fe cristiá unida a un compromiso social e político. Foise desaparegando da comunidade Marista á que pertencía e cun grupo de compañeiros que tamén foran Maristas e cun importante número de homes e de mulleres laicas botou a andar a Sociedade de Vida Apostólica «Fe e Xustiza», caracterizada, como ben indica o título, por unha espiritualidade ben sustentada nunha fe adulta e nunha loita por todo o que é xustiza. Patxi enriqueceu este movemento coa súa sólida espiritualidade, era un gran orante, coa súa capacidade organizativa, coas súas dotes especialísimas de acompañamento espiritual, coa súa palabra cálida e sempre alentadora e coa creación de innumerables textos dedicados

á formación e á oración. Era un moi bo poeta, cunha poesía sinxela, suxestiva, revulsiva ao servizo sempre do Evanxeo e das persoas que o buscaban de corazón. Vexase, por exemplo, en *Mar Rojo*, aínda accesible en «Verbo divino», e *Mar adentro*, editado en «Sal Terrae», entre os moitos libros por el publicados. Quen isto escribe tivo a sorte de poder participar neste momento orixinario.

As comunidades «Fe e Xustiza» seguen en pé, con recoñecemento eclesial, coa súa aposta laical por terras vascas, co seu catecumenado adulto, cunha dinámica viva cara ao coidado da fe e da militancia social. Emporiso Patxi Loidi e un grupo de compañeiros optaron por dar un paso máis e decidiron trasladar o seu centro de vida e de acción a países do Terceiro Mundo (Filipinas, Perú, O Salvador); crearon a Asociación de Fieis «Xesús Solidario» e a ONG «Acción solidaria», para converter o seu empuxe crente en servizo ás persoas e aos grupos sociais máis marxinais. Aos 71 anos Patxi, que sempre optara pola opción laical, fíxose crego, cousa que el mesmo explicou

así: «Vin a América para facer traballo social e os pobres leváronme ao sacerdocio». E así ata que con 91 anos a morte o veu recoller para a casa do/da Pai/Nai.

Recollemos este parágrafo dun escrito del do ano 2017 que, como tantas cousas súas, teñen máxima actualidade:

«Quero recordar a este respecto que a misión da Igrexa ten dúas vertentes: a relixiosa e a civil. Sen separalas, é necesario dedicar especialmente, coa debida preparación, a unha boa parte dos laicos á misión no mundo. Está ocorrendo sobre todo con xente progresista que rompeu moldes eclesiais, pero segue traballando desde o ámbito eclesial. Paréceme que nin os mellores documentos e discursos do papa, a xerarquía e o clero van cambiar moito o mundo. O mundo moderno creou nos últimos séculos toda unha cultura civil, con instrumentos de todo tipo para o seu desenvolvemento e mellora; e é aí onde teñen que estar os laicos convertidos para realizar a misión civil da Igrexa. O mundo transfórmase desde as propias instancias do mundo».

Cando tanto falamos da hora do laicado, pero logo non sabemos moito como canalizar ese desexo; cando tanto renegamos do clericalismo, pero logo clero e laicos/as receamos saír dese cómodo marco destrutivo, podemos ollar para as comunidades «Fe e xustiza», comunidades laicas, dirixidas por persoas laicas en todo –a actual presidenta de «Fe e xustiza» é unha muller, Elena Puerta Serén, de ascendencia galega por Friol–, cun servizo sacerdotal limitado ao seu, para afirmarnos no convencemento de que, querendo, outra Igrexa é posible. E o mesmo nos amosan as comunidades «Xesús solidario».

Descansa en paz, Patxi. E grazas pola preciosa herdade que nos deixas.

#### 4.- Na compañía dos bispos Antonio Algora e Arturo Lona Reyes

Pode que nos pasase inadvertido dentro do belén político e social que vivimos, dentro do movemento de bispos que veñen e van para as diferentes dioceses españolas que necesitan guieiros. Pero tamén de coronavirus e tamén o 15 de outubro morría en Madrid o bispo Anto-

nio Ángel Algora Hernando, este os 80 anos de idade, pois nacera en La Viñuela (Zaragoza) en 1940. Xa de 1968 a 1973 foi consiliario da HOAC e logo da JOC, en tempos duros para estas organizacións especializadas da Acción Católica, que foron obxecto de moitas desconfianzas –e máis ca desconfianzas– por parte de boa parte do episcopado español, precisamente por querer ser fieis ao empeño que acabamos de ver na vida e na tarefa de Patxi Loidi: un laicado con fe madura e compromiso sociopolítico manifesto. Desde aquela o episcopado español optou por reforzar a Acción Católica Xeral, á que segue alentando e promovendo como fiel representante do que entende por presenza laical no mundo, mantendo, iso parece, certa sospeita sobre as ramas especializadas de A.C.

Antonio Algora «ascendeu» no organigrama eclesial, foi nomeado bispo, primeiro en 1985 de Teruel-Albarracín, e despois de *Ciudad Real* en 2003, onde estivo ata a súa xubilación episcopal no ano 2015. Pero seguiu a ser un home, un crego da Igrexa segrar

e da pastoral obreira; pódese dicir que ata a súa derradeira enfermidade, como membro da Comisión Episcopal de Apostolado Segrar, foi responsable do Departamento de Pastoral Obreira. E agradecidas lle estaban as persoas que militaban no mundo obreiro, que sempre viron nel unha persoa que os entendía, que os sabía acompañar, escoitar, valorar, nuns compromisos tantas veces nada doados, como son os de manter unha presenza cristiá aberta e loitadora no mundo obreiro. Doéronse e choraron a súa morte, agradecendo unha vida na que tantas veces se apoiaran. Memoria recoñecida, logo, nestes días nos que HOAC celebra os seus 75 anos de existencia como tal. Que descanse tamén en paz Antonio Algora e que saibamos agradecer e continuar as súas fidelidades.

E, ollando algo máis ao lonxe, por terras mexicanas, o 31 de outubro morreu tamén de coronavirus o «bispo dos pobres», Arturo Lona Reyes, aos 94 anos. Distinguírase como bispo pola súa indumentaria nada convencional (vaqueiro, camiseta e simple cruz ao peito), pola defensa da poboación indíxena

da diocese de Tehuantepec, estado de Oaxaca, sobre todo na liña da educación (fundou unha universidade indíxena e centros de estudos medios), da estruturación social mediante cooperativas e da defensa dun traballo digno para a poboación indíxena ante o acoso das grandes empresas mineiras sobre todo. Disque ata en dez ocasións foi obxecto de atentados sempre frustrados. Fora compañeiro en tarefas evanxelizadoras dos bispos Bartolomeu Carrasco e Samuel Ruiz. Como o bispo Casaldáliga pediu ser enterrado no cemiterio común da xente común, ao lado da súa mamá Lolita. O día 1 de novembro cumpría 95 anos. No ceo celebraron o seu aniversario. Descanse en paz. E oxalá que se nos peguen a todos os testemuños destes servidores do Evanxeo e das comunidades cristiás que se enredaron con el no Espírito Santo de Deus.

## 5.- A voltas coa Catequese

Non nos referimos agora á clase de relixión nos colexios, cousa que tamén parece estar sendo obxecto de meditación por parte da Conferencia Epis-

copal Española. Neste caso a Igrexa Católica, a través da Comisión Episcopal de Educación e Cultura, que preside o bispo de Lugo, Alfonso Carrasco Rouco, fixo a proposta dunha especie de clase de Educación para a Cidadanía, onde se abordase nunha mestura de filosofía, relixión e civismo o mundo de valores que poden e deben ser compartidos polo conxunto da poboación, coa demanda, iso si, de que poidan ser explicados desde a óptica da mesma Igrexa Católica. É iso sen renunciar ao que era a clase de relixión. Moito nos tememos que a cousa non terá moito percorrido, aínda que non estaría nada mal chegar a un acordo en Educación para a Cidadanía, porque é algo que moito, moito necesitamos como factor de formación e de integración. Unha mágoa que, unha vez máis, se modifique a lei xeral do ensino sen buscar un consenso elemental, cousa que fai que este sector tan fundamental para o desenvolvemento cidadán estea constantemente bailando na criba. Como non estaría nada mal, iso nos parece, que a clase de relixión fose virando cara a unha presentación xenérica,

seria, respectuosa, en positivo, da amplitude e fondura do feito relixioso, co sentido e a estrutura de cada opción particular, deixando o máis específico e mistagórico para o traballo de cada confesión relixiosa, tamén a católica, dentro do seu ámbito particular. Pensamos que nos esixiría moito máis, pero que nos faría máis libres e fortes como comunidade relixiosa no mundo.

Algo semellante está a pasar co mantemento económico das nosas comunidades parroquiais. A crise da COVID-19, a limitación imposta ou voluntaria na asistencia ás celebracións relixiosas fixo que os recursos económicos das parroquias chegasen a números moi vermellos en bastantes casos. Dependendo como dependemos do Estado para moito do noso funcionamento relixioso, non é doado crear nos fieis a responsabilidade de que o mantemento económico das parroquias deba ser atendido por todos os membros da comunidade a través dalgún medio máis ou menos normal, domiciliación bancaria semestral ou anual, por exemplo. É un tema delicado, o do autofinanciamento, co que a Igrexa se



comprometera hai xa ben anos, pero no que non se deron pasos significativos. Outro reto de madurez das nosas comunidades: sen madurez nas comunidades non hai compromiso económico, pero sen compromiso económico falla a madurez. O autofinanciamento tamén nos faría máis libres e máis fortes, pero parece que os medos impídenos buscar solucións firmes.

Pero volvamos ao tema da catequese. Como andamos tan centrados no coronavirus, esquecemos outras cuestións, e case que con razón. Pero xa o 25 do pasado xuño ofrecéusenos un novo Directorio de Catequese para a formación cristiá da mocidade e das persoas adultas. Foron 12 os expertos que estiveron traballando neste Directorio, que xa é o terceiro despois de que Paulo VI en 1971 promovera o primeiro, e Xoán Paulo II en 1997, o segundo. Un plan catequético destinado á mocidade e á adultez, co obxectivo de facer persoas maduras na fe en tempos tan convulsos para a mesma opción crente; un plan dentro dun proxecto de Igrexa misiónera que anuncia e acompaña na experiencia relixiosa cristiá,

eclesial, atento ás características da xente de hoxe, coa sensibilidade especial que o papa Francisco lle quixo imprimir á misión, tal como se recolle na E.G. Un plan que contempla a formación axeitada das persoas encargadas de desenvolverlo en cada comunidade. Agora cada país, a partir dese patrón común, deberá preparar o seu texto particular.

Os ecos que nos chegan é que a cousa soa ben. O convencemento que todos/as temos é que a Igrexa que somos –no referente á comprensión e á vivencia de fe, bastante infante, no sentido débil da palabra–, non seremos quen de nos manter en pé dentro do remuíño de indiferenza relixiosa que nos sacode, se realmente non gastamos un tanto por cento moi elevado dos nosos esforzos neste labor de incorporación adulta á experiencia relixiosa. Sobran misas e faltan catecumenados. Pero tamén é certo que non acabamos de converter ese convencemento en algo real, decidido e firme. Chegado o momento – será xa chegado?–, alguén terá que dar un golpe sobre da mesa e dicir: abunda! Pero quen será ese/a ousado/a? Quen lle toca os

cornos a ese boi? Emporiso bo é que nos vaíamos dotando dos materiais precisos que axuden a que ese momento chegue, e canto antes mellor.

Cando escribiamos esta crónica, recibimos a información de que o Instituto Superior Compostelán de Ciencias Relixiosas e a Escola de Teoloxía de Segreares organizaban a XII edición do Curso de Actualización Teolóxico-Pastoral baixo o título: «Un novo Directorio para a Catequese e a nova evangelización. Lectura e claves de fondo». Curso *on line*, gratuíto, os días 4, 12, 19 e 25 de novembro de 19 a 20,15 h. Moi ben. Que sexa de moito proveito para quen o queira e poida seguir.

## 6.- *Samaritanus bonus*

Moito lle debemos agradecer ao evangelista Lucas que nos ofrecera en exclusiva algunhas das parábolas máis simples e contundentes para acceder ao coñecemento do espírito de Xesús e da súa tarefa evangelizadora. Hai personaxes, con nome propio ou sen el, que quedaron para sempre espetados na conciencia relixiosa e non relixiosa de xeracións e

xeracións. Un deses personaxes é o anónimo *samaritanus bonus* de Lc 10, 29-37. Pois ben este tal *samaritanus bonus* foi recollido pola Congregación para a Doutrina da Fe para titular e encher de contido e alento espiritual a súa «carta sobre o coitado das persoas nas fases críticas e terminais da vida». Unha carta longa, para «reafirmar a mensaxe do Evanxeo e as súas expresións como fundamentos doutriniais propostos polo Maxisterio», e para «proporcionar pautas pastorais precisas e concretas (...) para favorecer o encontro persoal do paciente co Amor misericordioso de Deus». Pensamos que en boa medida a aparición desta carta debeuse a iniciativas como a do goberno español levando ao parlamento para a súa tramitación unha lei sobre a eutanasia ou incluso o suicidio asistido.

Despois dos catro primeiros capítulos nos que de forma abreviada se enmarca a realidade da vida exposta ao seu final doloroso dentro de certos presupostos crentes e da cultura xeneralizada do momento, a carta dedica a súa maior parte a describir no capítulo 5 e último a ensinanza do Maxiste-

rio ao respecto; para iso aborda con precisión aspectos como «A prohibición da eutanasia e do suicidio asistido», «A obriga moral de evitar o asañoamento terapéutico», «Os coidados terapéuticos», «A obxección de conciencia por parte dos axentes sanitarios e das institucións sanitarias católicas», «O acompañamento pastoral e o apoio dos sacramentos»..., e así ata doce apartados.

Como anunciara na introdución, a carta transmite as posturas concretas que sempre a Igrexa Católica veu defendendo ao respecto, desde as claves dunha lei natural e dunha defensa da vida como don de Deus e non cousa nosa, aínda que sexa a nosa propia vida; criterios ambos cos que non comunga moito do pensamento humanista do momento. Será necesario dialogar desde outros presupostos comúns? Poderemos dialogar co mundo ético plural ofrecendo as nosas claves, e excluindo linguaxes condenatorias? Saberemos atraer os corazóns e a opinión a base de garantir experiencias persoais e institucionais onde amosar no corpo e no espírito que a nosa alternativa funciona

(cousa da que xa hai exemplos motivadores)? Seremos capaces de defender con tanta contundencia a vida noutras circunstancias nas que esta tampouco é respectada? Seremos suficientemente respectuosos como para pensar que hai momentos e niveis nos que non somos quen para entrar nas decisións últimas dunha persoa, e menos coa excomuñón na man? Arremedando ao papa, non habería que dicir, p. ex., «quen son eu para xulgar a un suicida?»

A lectura da carta pode resultar ben proveitosa. Como tamén o foi, e quizais aínda máis polo seu bo ton pedagóxico, o caderño «*Sembradores de esperanza*», publicado pola Comisión Episcopal española de Apostolado Segregar en 2019 sobre o mesmo asunto. En *Encrucillada* xa abordamos detidamente toda esta cuestión no número 2018 deste mesmo ano.

## 7.- Palabras de vida

Estabamos de acordo con Patxi Loidi no que dicía no texto que máis arriba recolleamos: «Nin os mellores documentos e discursos do papa, da xerarquía e do clero van cambiar

moito o mundo. (...). O mundo transfórmase desde as propias instancias do mundo». Emporiso cremos que hai palabras que poden contribuír poderosamente a animarnos para ese necesario cambio do mundo. E, entre outros do ámbito civil ou relixioso, o papa Francisco obséquianos con frecuencia con textos vivos, interpelantes, significativos, que lle están valendo o recoñecemento de boa parte da Igrexa e da sociedade. Temos que lle agradecer que así o faga, máxime sabendo que anda ben enredado, coas persoas que o acompañan no labor, na tarefa de elaborar a Constitución que reforme dunha vez a curia do Vaticano – cousa que anuncian próxima–; ou na xestión do caso do cardeal Angelo Becciu, prefecto que era da Congregación da causa dos santos desde 2018, e que estivo derivando indebidamente –iso parece– importantes cantidades de diñeiro para unhas cooperativas das que eran propietarios uns irmáns seus; ou rompéndose a cabeza lendo e relendo o informe final sobre as escuras vivencias sexuais do que fora cardeal McCarrick; amén de ter que aturar día si e día

tamén as arremetidas do cardeal Müller e compañía, agora criticándoo pola súa manifestación de que as persoas homosexuais deberían contar cunha lexislación civil que protexese o seu dereito a vivir en parella, cousa nada nova e nada excéntrica, aínda que haxa, dentro e fóra da Igrexa, quen non acaba de admitir as complexidades e variedades da identidade sexual, e non vexa máis ca vicio onde a natureza amosou as súas, para algúns, anomalías ou, para outros, xenialidades; e vicio pódeo haber, e hai abondo ás veces, tanto entre heterosexuais como entre homosexuais.

Pero volvamos aos escritos do papa Francisco. Entre moitas cousas que podiamos salientar, imos escoller tres, e ímoslos presentar de menor a maior. Empezamos polo breve discurso de nove minutos que o papa, inesperadamente, lle leu ao presidente español Pedro Sánchez e acompañantes durante a visita destes ao Vaticano o 24 de outubro. «*Facer crecer a patria*», titulábase. En título e mesmo en contidos, seméllase algo ás palabras do cardeal portugués José Tolentino Mendonça «*O que é amar um país*», que

comentamos na nosa crónica anterior. Quen sabe se mesmo se inspirou nel. O papa desenvolve tres ideas para explicar o que el entende polo obxectivo do labor político, sobre todo das persoas que dirixen un país: «facer progresar o país», «consolidar a nación» e «facer medrar a patria», cousa, calquera delas, nada doada, admite e comparte o papa. Invitamos á súa lectura, máxime cando o papa, indicándolle a Sánchez «transmítalle vostede aos membros do seu parlamento o que pensa o papa disto», estanos dicindo que son palabras dirixidas xaora á clase política, pero tamén a todos os cidadáns e cidadás que somos suxeitos políticos de base. Non nos virá nada mal, pensamos, andando como andamos tan ao monte no pensamento e práctica política. Eu, se fose o presidente, nun pleno parlamentario, pasaríalle unha copia a todas persoas presentes, para a ver, a ver...

O segundo escrito é de data e de contido distante. Unha carta apostólica titulada en latín «*Scripturae sacrae affectus*» (O afecto pola Sagrada Escritura), unha verdadeira xoia, coa que o papa quixo contribuír á cele-

bración do XVI centenario da morte de san Xerome (30 setembro 420), santo este que, de se sentir engaiolado pola cultura latinista á que estaba entregado, por efecto dunha fonda conversión pasou a dedicarse ao coñecemento, tradución e espallamento da Escritura, libro ou libros que antes mesmo case desprezaba por parecénlle uns textos rudos e imprecisos. Así o enuncia o papa na introdución da carta: «Este episodio da súa vida favoreceu a decisión de se consagrar totalmente a Cristo e á súa Palabra, dedicando a súa existencia a facer que as palabras divinas, a través do seu infatigable traballo de tradutor e comentarista, fosen cada vez máis accesibles aos demais».

A carta, en clave sapiencial, vai narrando as vicisitudes vitais de Xerome en «*De Roma a Belén*». «Poñéndose á escoita, Xerome atopouse a si mesmo na Sagrada Escritura, como tamén atopou o rostro de Deus e dos irmáns, e afinou a súa predilección pola vida comunitaria», di o papa. Soubo conxugar a súa absoluta e radical consagración a Deus co estudo asiduo, dirixido exclusivamente a unha comprensión do misterio do

Señor cada vez máis profunda», di tamén o Papa no apartado «*La clave sapiencial de su retrato*». E ao desenvolvemento destes dous aspectos dedica as sucesivas seccións tituladas «*Amor pola Sagrada Escritura*», «*O estudo da Sagrada Escritura*», «*A Vulgata*», «*A tradución como inculturación*» e «*Xerome e a Cátedra de Pedro*». E todo se pecha na carta cun excelente apartado titulado «*Amar o que Xerome amou*», o home que, segundo Nepociano, «fixera do seu corazón unha biblioteca de Cristo».

Para rematar, non nos resistimos a copiar este parágrafo co que o papa vai poñendo fin á súa carta. Dinos así:

«Penso a miúdo na experiencia que pode ter un mozo hoxe ao entrar nunha librería da súa cidade ou nunha páxina de internet, e buscar a sección de libros relixiosos. É un espazo que, cando existe, na maior parte dos casos non só é marginal, senón carente de obras substanciais. Ao examinar eses estantes ou esas páxinas da rede faise difícil para un mozo comprender como a investigación relixiosa poida ser unha

aventura emocionante que une pensamento e corazón; como a sede de Deus puido acender grandes mentes ao longo dos séculos ata hoxe; como a maduración da vida espiritual puido contaxiar a teólogos e filósofos, artistas e poetas, historiadores e científicos. Un dos problemas actuais, non só da relixión, é o analfabetismo: escasean as competencias hermenéuticas que nos fagan intérpretes e tradutores cribles da nosa propia tradición cultural. Desexo lanzar un desafío, de modo particular á xente nova: Vaian na busca da súa herdanza. O cristianismo convérteos en herdeiros dun patrimonio cultural insuperable do que deben tomar posesión. Apaixonense por esta historia que é súa. Atrévanse a fixar a ollada en Xerome, este mozo inquedo que, como o personaxe da parábola de Xesús, vendeu todo canto tiña para mercar ‘a perla de gran valor’ (Mt 13, 46)».

E por último a carta encíclica «*Fratelli tutti*», firmada en Asís o 3 de outubro pasado. Unha carta inspirada na persoa e na vida de Francisco de Asís, dedicada «á fraternidade e á amizade social» (n.1). Unha

carta que «aínda que a escribín desde as miñas conviccións cristiás, que me alentán e me nutren, procurei facelo de tal xeito que a reflexión se abra ao diálogo con todas as persoas de boa vontade» (n.6). Unha carta distribuída en sete capítulos. O primeiro, «As sombras dun mundo pechado» (nn. 9-55), moi intenso e inquietante, para describir importantes baleiros do noso mundo actual. O segundo, «Un estraño no camiño» (nn. 56-86), para evocar a figura do bo samaritano de Lc 10, 25-37, no corazón do cal quere asentar as súas propostas. O terceiro, «Pensar e xestar un mundo aberto» (nn. 87-127), sinalando os fundamentos desaposible fraternidade mundial. O cuarto, «Un corazón aberto ao mundo enteiro» (nn. 128-153), para abordar os temas quentes da globalización e das migracións. O quinto, «A mellor política» (nn. 154-197), axudando a reflectir sobre a realidade actual da actividade política tan convulsa. O sexto, «Diálogo e amizade social» (nn. 198-224), centrado nunha nova cultura do diálogo. O sétimo, «Camiños de reencontro» (nn. 225-270), sobre a paz, o perdón,

a memoria, guerra e pena de morte. E o oitavo, «As relixións ao servizo da fraternidade no mundo» (nn. 271-287), sobre a desexable achega das relixións ao proxecto mundial que a encíclica deseña.

Pode que o mellor comentario á encíclica sexa unha invitación a unha lectura cordial da mesma. Lectura cordial que pasa por un desexo firme de ampliar a corazón persoal e colectivo para facelo capaz de nomear, sentir e tratar en todo a todo ser humano, sen distinción algún, coma un irmán ou unha irmá. Cousa non doada, porque ou ben xa nos incomoda a mesma palabra irmán/irmá, ou ben a aceptamos benevolmente, pero logo facemos dela un pandeiro. O reto que o papa nos propón non é un reto menor. É o reto primordial desde que o mundo é mundo, que en cada xeración vai tomando formas e cores moi particulares, e na nosa clama por unha resposta persoal, íntima, pero tamén política, da pequena e da grande política. Queremos subliñar este aspecto. Xa o papa nos tiña afeitos a este tipo de mensaxes; moito do dito agora é unha recollida de intervencións

pasadas. Aquí ofrécenolo nun conxunto coherente, claro, provocativo, ante o cal poidamos tomar dunha vez unha decisión firme. Trátase, en fin, de ir facendo un mundo novo ou de seguir na rutina destrutiva do que xa temos. A situación actual da COVID-19, como o mesmo papa advirte no n. 7, dálle máis razón de ser e urxencia ás súas palabras. Unha boa lectura para tempos de total ou parcial confinamento.

## 8.- Sen esquecer as miudezas diarias

Imos poñer fin a esta crónica. Quen nos lea saberá ser condescendente coa nosa selección, da que quedan necesariamente excluídos temas importantes, como foi no seu momento, 22-9-2020, o comunicado dos bispos alemáns ao Vaticano pedíndolle calma na polémica sobre a intercomuñón entre católicos e protestantes, cousa que por alí excita abondo. Ou a carta aberta dos católicos portugueses ao Patriarca de Lisboa por manifestarse contra o plan da Educación para a Cidadanía; diso tamén nós poderíamos narrar memorias.

Vénnos de chegar a noticia de que mulleres católicas de todo o mundo están a organizar un sínodo para reivindicar a igualdade das mulleres na Igrexa. Son para iso convocadas pola plataforma «*Voices of Faith*» (Voces de fe). Será na primavera do ano 2022, cando tamén os bispos do mundo estarán celebrando o sínodo sobre a sinodalidade. Algo positivo? Seguramente. Aínda que aos máis asentados e cansos nos poida incomodar, non é senón cumprir con aquel mandato repetido do mesmo papa: «Armen lea» (*Hagan lío*).

Entrando xa en terra propia, lembrar a xornada nacional de apostolado segrar celebrada en Madrid o 24 de outubro, para lle dar continuidade ao sonado Congreso de Laicos de febreiro pasado; para iso creouse un Consello Asesor de Laicos/as para toda España e invitouse a crear tamén en cada diocese equipos de traballo de laicos/as para ir desenvolvendo os contidos do Congreso, para o que xa teñen tamén unha precisa folla de ruta.

Polo demais en Galicia, temos que aledarnos polos comezos da



constituición do que poderá ser unha Federación das Cáritas galegas, para administrar corporativamente as achegas económicas que se lle ofrecen pola cota do IRPF, e para ir abordando a nivel de Galicia realidades e problemas que teñen nome e apelido comúns. Pasos nesta dirección sempre son unha boa nova. De momento entraron nesta compenetración as dioceses de Ourense, Mondoñedo-Ferrol, Santiago e Tui-Vigo.

E, cando esta Crónica chegue ás vosas mans, o bispo de Mondoñedo-Ferrol, Luís Ángel de las Heras xa estará exercendo como bispo de León, onde fará a entrada o 19 de decembro. Sentimos esta marcha. Fíxose-nos curta a súa estadía entre nós. Vivímolos moita xente da diocese como un home sensato, que valora o traballo en equipo, alegre, esperanzado, firme, maduro, consciente dos tempos que vivimos e da necesidade de cambiar vellas respostas eclesiais caducas. Unha mágoa a súa marcha. E, unha vez máis, o suspense de certa orfandade e a inqueda ante o que nos poida vir. Válenos

as matinacións que sobre o nomeamento de bispos compartimos na crónica do número anterior de Encrucillada baixo o epígrafe «Bispos veñen e van»; escribímolos sen contar con esta circunstancia. Só engadir que mesmo chegamos a pensar, igual por efecto do enfado, que nomear a bispos que se amosaron fortes na fe e emprendedores para dioceses máis potentes non deixaba de ser unha mostra de mundanidade. Soaría a máis evanxélico que os bispos recios acompañasen ás comunidades máis debilitadas. En fin, que Deus o siga bendicindo –que xa o fai–, que nos siga bendicindo a todos nós, homes e mulleres da diocese de Mondoñedo-Ferrol –por el nunca queda–, e que lle deamos cara de xente de fe, de esperanza e de amor ao ano que empeza sinalado por esta ausencia e pola presenza turróna do coronavirus.

Santo e feliz Nadal, amigas e amigos, apostando por sermos algo máis irmáns e irmás, como o papa nos pide, como Deus quere.

**Manuel Regal Ledo**